

Resolución do 14 de outubro de 2024, do tribunal designado para cualificar as probas dirixidas á obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril, pola que se determinan as datas, o lugar e os horarios de realización dos exercicios correspondentes á renovación do certificado.

O tribunal designado para cualificar as probas dirixidas á obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril, convocadas mediante Resolución do 5 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Mobilidade ([DOG nº 142 data 23 de xullo de 2024 do DOG), acordou, de conformidade co disposto na base oitava da mencionada resolución:

Primeiro.- As probas correspondentes á renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril terán lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid 2-4, Fontiñas, Santiago de Compostela.

Os ditos exercicios realizaranse o vindeiro día 06/11/2024 nos horarios e aulas que a continuación se sinalan:



Probas renovación			
clase	renovación	aula	horario
Todas as clases	renovación	Salón de actos	9:00H - 10:00H
clase 1	-----	-----	-----
clase 2	renovación	Salón de actos	18:00H - 19:00H
clase 3 e máis	renovación	Salón de actos	13:00H - 14:00H
Materias líquidas	renovación	Salón de actos	16:00H - 17:00H
ferrocarril	renovación	Salón de actos	11:00H - 12:00H

Segundo.- Para os efectos de proceder á realización dos correspondentes chamamentos, os aspirantes deberán presentarse ás probas 15 minutos antes do comezo de cada exercicio.

Terceiro.- Os interesados serán convocados para cada exercicio en chamamento único, resultando excluído da súa realización quen non compareza.

Cuarto.- Os aspirantes excluídos por non comparecer no momento do chamamento non terán dereito a que se lles devolvan os importes aboados en concepto de dereitos de exame.

Quinto.- Os aspirantes terán que se presentar ás probas provistos do orixinal do seu documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En caso contrario, non se permitirá o acceso ao recinto onde se realicen os exercicios. Tales aspirantes excluídos non terán dereito



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

a que se lles devolvan os importes aboados en concepto de dereitos de exame.

Prégase que os aspirantes comparezan ao exame provistos de bolígrafo azul ou negro.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

A Presidenta do Tribunal

Marta Vázquez Sanjurjo